



Concello de Boiro

EXPEDIENTE: 3648/2021

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Por resolución número 2021-0916 do 21 de xuño de 2021 aprobáronse as bases que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a contratación laboral temporal de peóns de servizos varios.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 118 de data de 25 de xuño de 2021, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello www.boiro.gal

Segundo o artigo art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando o disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe á Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ó servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación.

RESOLVO:

Primeiro.- Corrixir o erro de transcripción por omisión que consta no apartado oitavo da resolución número 0916-2021 de data 21/06/2021, quedando redactado como segue:

***"Primeiro exercicio:** Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 30 preguntas tipo test, con 3 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal sobre os temas que se citan a continuación. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de corenta e cinco minutos para a súa realización. O exercicio valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superar a proba."*

Segundo.- Comunica-la presente resolución ós departamentos municipais de Intervención, e Xestión de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice.

Cuarto.- Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldesa no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xuzgado do Contencioso-administrativo de a Coruña, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Documento asinado dixitalmente.

D. José Ramón Romero García, alcalde.

D. Francisco J. Oubiña Lodeiro, secretario xeral, que dá fe.

